



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO SOCORRISTAS CAMPAÑA VERAN 2022

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000223

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 10.05.2022, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción de dous/dúas socorristas para cubrir o servizo de vixilancia e salvamento nas piscinas municipais durante o período estival, ao abeiro do Programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 da Deputación Provincial da Coruña. A dita convocatoria publicáronse no BOP núm. 89, do 11 de maio de 2022, e as bases e a dita convocatoria na páxina web do concello e no taboleiro de edictos do concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse, en data 27.05.2022, a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e elevándoa a definitiva por non haber aspirantes excluídos/as:

Vista a proposta do tribunal cualificador segundo as puntuacións obtidas polos/as aspirantes durante o proceso selectivo, tal como se reflicte de seguido:

Apelidos e nome	DNI	Experiencia	Titulación	Formación	Total
Seoane Barreiro María Amalia	***2427**	5	0	2	7
Pérez López Paula	***9576***	0	0	0	0

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear persoal laboral temporal, para o posto de socorrista, dende o día 20 de xuño ata o 31 de agosto de 2022, a xornada completa, cun salario bruto mensual de 1.344,26 euros, a:

- Seoane Barreiro, María Amalia, con DNI \*\*\*2427\*\*.
- Pérez López, Paula, con DNI \*\*\*9576\*\*.

**SEGUNDO.-** Abrir un prazo de 3 días hábiles, contados a partir da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, para que os/as seleccionados/as presenten a documentación requirida na base décima.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, venres 17 de xuño de 2022

O Alcalde /Presidente. Mariano Iglesias Castro